

Tras o primeiro mes dende o seu lanzamento

A NOVA TARXETA DE CRÉDITO EROSKI CLUB MASTERCARD SUPERA OS 100.000 TITULARES

- **A condición multitarxeta que permite unificar as vantaxes do programa EROSKI Club e a función de tarxeta de crédito na rede de tendas EROSKI é unha das súas principais características**
- **Os seus titulares valoran especialmente a devolución do 1% do importe das súas compras pagadas fóra de EROSKI * ingresando eses cartos na súa tarxeta EROSKI club asociada**

Elorrio, 12 de xullo do 2017.- Transcorrido un mes dende o seu lanzamento, a nova tarxeta de crédito EROSKI Club-Mastercard supera xa os 100.000 titulares, que xa se benefician das súas vantaxes de aforro, servizos e facilidades de pagamento.

Unha das vantaxes de aforro máis valoradas polos clientes é que a tarxeta converte en aforro para o seu titular o 1% do importe das compras pagadas fóra de EROSKI* ingresando eses cartos na súa tarxeta EROSKI Club asociada, como saldo dispoñible polo Socio Cliente para as súas compras en calquera supermercado, hipermercado, gasolinera, óptica, axencia de viaxe ou tenda online da cooperativa. E mais a comodidade de ser unha multitarxeta, ao estar vinculada á tarxeta de fidelización EROSKI club e polo tanto unificar as vantaxes de ser Socio Cliente e a función de tarxeta de crédito ao realizar as compras na rede de tendas EROSKI. Outra das vantaxes máis valoradas polos usuarios é que a nova tarxeta de crédito EROSKI Club-Mastercard permite dispoñer de ata 300 euros en efectivo cada día en calquera tenda EROSKI sen comisión, contra o límite dispoñible do titular e na súa modalidade de pagamento habitual.

O balance do primeiro mes de funcionamento da nova tarxeta de crédito EROSKI Club-Mastercard foi moi satisfactorio. *"Estamos moi contentos coa estupenda acollida que os clientes realizaron desta iniciativa compartida con Mastercard, o que fortalece a EROSKI Club como plataforma de aforro e vinculación coa marca"*, afirmou a directora de Márketing de EROSKI, Eva Ugarte. E engadiu: *"alcanzamos xa o obxectivo marcado para este ano ao superarmos os 100.000 titulares"*.

A nova Tarxeta de crédito EROSKI Club-Mastercard pódese solicitar calquera consumidor en calquera tenda EROSKI, supermercado, hipermercado, gasolinera, óptica ou axencia de viaxes.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



Recentemente Lufthansa sumouse á tarxeta de crédito EROSKI Club-Mastercard. A partir de agora, e ata o 30 de novembro, as persoas que adquiran calquera voo operado por Lufthansa coa tarxeta de crédito EROSKI Club-Mastercard xerarán un aforro do 5% de importe do voo (sobre a base da tarifa neta, excluindo taxas) que se lle ingresará na súa tarxeta EROSKI Club para trocalo en vindeiras compras na rede de hipermercados e supermercados EROSKI.

Quen se desexe acoller a esta nova vantaxe da tarxeta EROSKI Club-Mastercard disporá de ata 90 días dende a data de compra do billete para solicitar o ingreso na súa tarxeta EROSKI Club.

* Quedan excluídas as compras en hipermercados e as súas gasolinerías, supermercados e as súas gasolinerías, tendas de alimentación, usos relacionados co xogo ou apostas e extraccións e disposicións de efectivo, ao non seren operacións de compra de bens ou servizos. O importe a devolver calcúlase sobre as compras netas (restados aboamentos e devolucións) segundo tipoloxía de actividade comunicada polo establecemento vendedor. ** Ata 300 € diarios contra o teu límite dispoñible e na túa modalidade de pagamento habitual.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)